

## ***O sistema tradicional de aproveitamento dos ponis atlánticos salvaxes nos montes da Groba, Morgadáns e Galiñeiro. Retos no século XXI***

---

**Laura Laços Abarzuza**

### **RESUMO**

*Unha parte moi importante dos ponis salvaxes de Galicia habitan nos montes que arrodean o Val Miñor. Arredor de 900 na serra da Groba, na actualidade, 2500 hai corenta anos.*

*O manexo de estes garranos ou burras do monte, o seu manexo en comparación con outras poboacións similares, discutir os factores que ameazan a súa conservación e a posibilidade da persistencia do manexo tradicional no século XXI, así como os pasos que se están dando ou deberían darse en prol da súa conservación.*

**PALABRAS CHAVE:** *Poni salvaxe, garrano, burras do monte, curro, besteiros.*

### **ABSTRAC**

*A very important part of Galician wild ponies live in the mountains that surround Val Miñor (Miñor river Valley). About 900 in Groba mountains at present, 2500 forty years ago.*

*The handling of these "garranos" or "burras do monte", their handling in comparison with other similar populations, discussing the factors that threaten their conservation and the possibility of this traditional handling persists in the 21st century, as well as the steps that are being taken, or should be taken, to ensure their conservation.*

**KEY WORDS:** *Wild pony, garrano, burras do monte, curro (drift), besteiros (ponies dealer).*

## INTRODUCCIÓN

Unha parte da poboación de ponis salvaxes de Galicia vive nos montes que rodean o Val Miñor: a Serra da Groba no seu extremo suroeste e os Montes Galiñeiro, Arruido e Aloia ao nordeste do Val (Figura 1). A Serra da Groba, onde o censo é maior, esténdese por uns 100 km<sup>2</sup>, á beira dunha das costas mais poboadas e turísticas de toda Galicia. A densidade media de poboación nos Concellos incluídos na serra é de 164 habitantes por km<sup>2</sup> (IGE 2011). Hoxe en día, 850-900 ponis salvaxes viven nestas montañas (M. Domínguez, Asociación de Gandeiros de Cabalos do Monte da Groba, comunicación persoal). Hai apenas 40 anos a poboación era de 2.000-2.500 ponis (Iglesia 1973). Os Montes Galiñeiro, Arruido e Aloia tamén acollen unha poboación, de tan só uns 100-120 hoxe en día, e 250-300 animais hai 40 anos (Iglesia 1973).

Os ponis salvaxes de Galicia viven libres nas serras ao longo de todo o ano, con ciclos vitais adaptados ao medio e independentes do manexo humano (Lagos 2013). As súas características morfolóxicas, ecolóxicas e fisiolóxicas son consecuencia da súa adaptación ao medio, e dunha forte selección natural imposta polas rigorosas condicións dos montes nos que habitan (Bárcena 2012). A selección humana, que deu lugar ás distintas razas de cabalos domésticos, apenas xogou un papel na actual conformación destes animais. En Galicia son coñecidos popularmente como *bestas* e, concretamente na Groba, son denominados *burras*. Recentemente Bárcena (2012) suxeriu a denominación de *garranos* para os ponis atlánticos do norte da Península Ibérica e das illas do Atlántico. Os traballos de investigación dedicados á ecoloxía desta poboación foron escasos ata agora, a pesar da súa influencia nos ecosistemas de monte de Galicia, pero podemos citar: como pioneiro, o traballo de Iglesia (1973), máis recente o de Lagos (2013), e as contribucións de Magdalena e Vidal (1984), Bárcena e Hermida (2003) e Bárcena (2012).

Esta artigo pretende describir as poboacións de ponis salvaxes que habitan nos montes que rodean o Val Miñor, describir o seu manexo en comparación co doutras poboacións similares, discutir os factores que ameazan a súa conservación e a posibilidade de persistencia do manexo tradicional no século XXI, así como os pasos que se están dando ou deberían darse en prol da súa conservación.

## USOS E MANEXO TRADICIONAL

Os *garranos* son animais salvaxes aproveitados tradicionalmente polos *besteiros*. O manexo ao que estes animais son sometidos é mínimo e consiste en reunilos unha vez ao ano para retirar os poldros, marcar os adultos que non o estivesen e reparlles as crinas (Iglesia 1974), así como desparasitalos. En cada zona das dúas descritas, as greas viven en toda a serra e dentro da mesma os seus movementos non están limitados por peches, senón que é posible a interacción entre greas.

Antes, o seu aproveitamento era esencial, pois eran domados para usar como animais de transporte, carga e traballo nas explotacións gandeiras, os poldros eran usados para carne e as crinas eran un valioso produto empregado principalmente para facer cordas (Iglesia 1973, Bárcena y Hermida 2003). O uso das crinas perdurou ata os anos 70, pero hoxe en día a maioría destes usos desapareceron e o seu uso primordial é a




Figura 1. Localización das poboacións de ponis salvaxes nos montes que rodean o Val Miñor: Serra da Groba, Montes Galiñeiro e Aloia. Elaboración propia a partir de Iglesia (1973).

venda da carne dos poldros (M. Domínguez, comunicación persoal).

Atopamos poboacións de *garranos* sometidas a un manexo similar no norte de Portugal, Cantabria, nas Montañas Carneddau (Gales), en Exmoor, Dartmoor e New Forest (Inglaterra), aínda que en todas elas o censo é moito menor e o manexo polo xeral máis intensivo. En Exmoor, son os propietarios os que forman as greas. Cada propietario, ou criador, ten dereitos de explotación nun Terreo Comunal (*Commons*) pechado, de entre 250-800 ha, e nel conforma unha grea (Baker 1993); poucas greas coexisten nun mesmo Terreo Comunal de forma que se poida dar interacción entre elas, vivindo 3 garañóns e 70 eguas no máis extenso (D.J.T. Brewer, The Exmoor Pony Society, comunicación persoal).

Este manexo, realizado na Groba e nas demais zonas de Galicia onde habitan poboacións de ponis salvaxes, aínda que é mínimo, inflúe en certa medida no comportamento social e reprodutor dos ponis salvaxes. A retirada anual da maior parte dos poldros, principalmente os machos, afecta á proporción de idades e sexos, así como á estrutura social das greas. O reducido número de garañóns (machos sementais) na Groba (40-50 eguas por garañón: M. Domínguez, comunicación persoal) tamén inflúe na estrutura social e na estabilidade das greas. Os *besteiros* deciden sobre o número de eguas por macho, chegando a un compromiso para evitar loitas entre garañóns sen sacrificar un alto número de eguas cubertas. Esta sex ratio é moi baixa en comparación con outras zonas de Galicia: 15-18 eguas por macho no Centro da Dorsal Galega (Lagos 2013), e especialmente en comparación coa de poboacións de cabalos cimarróns: 1 no Parque Nacional de Tornquist en Argentina (Scorolli y López Cazorla 2010), 0,83-1,26 nas Montañas Pryor en EEUU (Roelle et al. 2010).

Como dicimos, polo xeral en Galicia, os *garranos* son reunidos unha vez ao ano para retirarlles os poldros, nos coñecidos *curros* ou *rapa das bestas*, celebrados ao longo do verán e outono. Na Serra da Groba, os curros son levados a cabo na primavera, aínda que en agosto se fai unha segunda captura (*curro das moscas*) co fin de realizar unha desparasitación externa. A poboación de ponis salvaxes dos montes que rodean o Val Miñor captúrase en seis diferentes curros: A Valga, Torroña, Mougás, San Cibrán, Morgadán e Galiñeiro ou Vincios.

O día do curro, pola mañá cedo, os *besteiros* saen cara ao monte, uns a pé e outros a cabalo, para buscar as greas; é norma que por cada catro *burras* participe un olleador no curro (Iglesia 1973, M. Domínguez, comunicación persoal). Van conducindo os ponis cara ao curro e outros *besteiros* apóstanse de pé, formando un cordón, para pechar o paso nas posibles vías de escape, de forma que avancen cara ao recinto de pedra que forma o curro. As *burras* van entrando en pequenos grupos, de forma tranquila polo xeral. En Morgadán e San Cibrán reúnen os ponis lonxe do *curro*, na *parada*, e dende alí fanos baixar *en manga*, moi xuntos e rodeados de persoas para facelos que entren todos á vez no *curro*. Os ponis entran pola cancela nun recinto amplo rodeado de muros de pedra. O da Valga ten unhas 4 ha. de superficie. Xa alí, os *besteiros* van recoñecendo as súas eguas, comprobando cales están preñadas e cales teñen poldros. Aos poldros fanlles unha marca provisional, rapándolles o pelo con tesoiras, para ser quen de recoñecelos despois cando están separados da súa nai.

Tras un descanso para un xantar campestre, volven facer moverse as greas, metendo os adultos nun curral de muros de pedra, tamén denominado *curro* (Iglesia 1974), e os poldros son separados das súas nais e levados a outro curral anexo máis pequeno.



*As greas son conducidas cara ao curro por xinetes (Torroña).*



*Fórmase unha manga para facer entrar os ponis no curro (Morgadáns).*

Os *besteiros* van entrando no curro a capturar e retirar os animais un por un. A ferramenta usada para este fin é unha vara cun gancho, chamada *galla* ou *gancho* (M. Dominguez, comunicación persoal) do que pendura o *cabestro*, que consiste nunha corda cun nó especial con dous lazos, un engánchase dende a cerviz e a continuación o outro derredor do morro, de forma que ao tensares este *cabestro* queda colocado a modo de cabezada sen oprimir ou afogar os animais. Primeiro son capturadas e retiradas do curral as femias preñadas e os garañóns. Logo, as demais unha a unha para seren rapadas e desparasitadas. Os individuos xoves, nados nos anos anteriores que carecen de marca, son marcados con ferro. Estas operacións son realizadas coa *burra* inmovilizada entre dúas persoas: unha delas tensa a corda da cabezada e a outra tira dunha segunda corda enganchada na cola. Sen dúbida é unha operación difícil pois estes animais son bravos. Logo destas operacións, os adultos son liberados, xunto cos pol-dros que non serán vendidos. A denominación de *rapa das bestas* débese á operación concreta de cortarlles as crinas e a cola. No pasado estas sedas eran un produto valioso (Iglesia 1973), na actualidade non posúen valor, pero aínda así continúa a realizarse esta operación por tradición ou pola crenza, equivocada ao noso xuízo, de que é máis hixiénico para os animais.

Esta forma de desenvolver o curro e as operacións de manexo é única dos montes que rodean o Val Miñor. Nos demais montes da provincia de Pontevedra: curros de Sabucedo e Amil, os denominados *aloitadores* derriban a man o animal: un salta sobre



Os *besteiros* equipados con *gallas* e *cabestros* intentan botar o lazo ás súas equas para sacalas do curro unha a unha..

el, mentres que outros o agarran da cabeza e cola para tombalo no chan, onde unha vez inmobilizado realizan as operacións: rapa, marcaxe a ferro e ás veces desparasitación. Como dicimos, cada lugar ten as súas peculiaridades e os curros da Groba son distintos dos doutros montes de Galicia. Pero todos eles comparten moitas características coa forma ancestral de cazar lobos utilizando foxos (Pérez 2010).

Noutros lugares de Europa onde existen poboacións de cabalos ceibes tamén se realiza a recollida dos poldros de forma similar. En Doñana, celébrase a *saca de las yeguas* en xuño. Os cabalos marismeños que viven en Doñana son conducidos por xinetes ata a vila de Almonte (15 km). Ao igual que na Groba, rápanse, márcanse aqueles que non o estaban e os poldros son retirados para a súa venda (Murphy and González Faraco 2002), polo xeral hoxe en día para carne (J. Calderón, Estación Biolóxica de Doñana, comunicación persoal). Tamén os garranos de Portugal (Portas et al. 1998), e os de Exmoor (Baker 1993), Dartmoor (Dartmoor Commoners' Council 2013), New Forest (Tyler 1972, Ivey 2009, Verderers of the New Forest 2013) e Carneddau (Stanley and Shultz 2012, Winter et al. 2013), no Reino Unido, recóllense unha vez ao ano, no outono, para retirar e vender os poldros.

En Galicia, son os propietarios dos ponis, ou as asociacións de propietarios, os que organizan os *curros*. En New Forest, son os *Agisters*, gardas de campo empregados pola organización que xestiona os ponis (*Verderers' Court*), os que organizan e levan a cabo estes curros ou *drifts*, pero tamén participan os propietarios e outra xente que lles axuda (Verderers of the New Forest 2013). As operacións son similares ás realizadas en Galicia, pero con axuda dunha manga de captura e, como novidade, algúns ponis son equipados de colares reflectantes para diminuír a incidencia dos accidentes de tráfico; así mesmo os *Agisters* cortan a cola a cada poni de certo xeito, para mostrar qué propietarios pagaron a cota anual (Verderers of the New Forest 2013).

## CONSERVACIÓN

### Ameazas

A práctica desaparición dos seus usos tradicionais, os conflitos cos propietarios da terra debido a interaccións con outros usos como o forestal ou agrícola e gandeiro (Magdalena e Vidal 1984, Bárcena e Hermida 2003) e os accidentes de tráfico (Lagos 2013) son causa do descenso de poboación que en toda Galicia experimentaron estes animais nos últimos 40 anos. Non obstante, a ameaza que máis preocupa a investigadores e aos propios *besteiros* procede do Decreto 142/2012, disposto como transposición do Regulamento (CE) N° 504/2008 da Comisión do 6 de xuño de 2008.

Este Regulamento N° 504/2008 establece que os équidos nados na Comunidade Europea deberán ser identificados mediante un documento de identificación único (art. 5) e un traspondedor cun código que sirva de vínculo entre o documento de identificación e o animal nunha base de datos con detalles sobre o propietario (art. 3 e 5). Esta normativa antóllase incompatible coa existencia de poboacións de équidos ceibes ou salvaxes. Por esta razón, o artigo 7 contempla unha excepción: “a autoridade competente poderá decidir que os équidos que constitúan poboacións definidas que viven en condicións salvaxes ou semi-salvaxes en determinadas áreas, incluídas reservas

naturais, segundo sexan definidas por dita autoridade, deberán identificarse de conformidade co artigo 5 só si se sacan fóra desas áreas ou se domestican”.

Noutros países esta excepción xa foi aplicada. O goberno de Gales para os seus ponis salvaxes de Carneddau en Northern Snowdonia, así como para outras poboacións de ponis no centro e sur (Welsh Government 2012). En Inglaterra para os ponis de Exmoor, Dartmoor e New Forest, segundo as *Horse Passports Regulations 2009*. Así, estas zonas foron designadas áreas que conteñen poboacións definidas de cabalos que viven en condicións salvaxes ou semi-salvaxes e polo tanto os ponis non necesitan ser identificados mediante pasaportes e microchips mentres permanezan nelas. En Holanda, Oostvaardersplassen, onde habitan 1.100 cabalos, é Reserva Natural e as súas leis indican que nas reservas non existe obrigaçión de identificación para ningún animal (M. van Dierendock, Ghent University, comunicación persoal).

Non obstante, en Galicia non foi aplicada esta excepción e a lei establece que todos os ponis salvaxes han de estar marcados con microchip e contar cos documentos pertinentes. Ao contrario, o Decreto 142/2012 inclúe outras medidas que poden dar lugar á substitución destas poboacións salvaxes por explotacións controladas de équidos para carne en fincas pechadas. As autoridades, veterinarios, xestores forestais e parte da poboación (influída pola prensa) teñen a esperanza de que estas medidas resolvan os conflitos existentes, como os accidentes de tráfico. Os *besteiros* e algúns investigadores (entre os que sobra dicir que me atopo) alertan sobre a ameaza destes impedimentos administrativos para a preservación da poboación salvaxe de *garranos* de Galicia e do seu sistema tradicional de aproveitamento.

### **¿En qué medida o sistema de aproveitamento tradicional da Groba é compatible cos novos tempos?**

Ata agora, os *besteiros* da Groba utilizaban marcas de ferro para identificar os seus animais. Cada propietario posúe a súa marca, algunhas permaneceron iguais ao longo de xeracións (M. Domínguez. Comunicación persoal). O presidente da Asociación custodia o libro de marcas cos datos dos propietarios. Estas marcas equivalerían ao sistema de identificación inequívoco que esixe o Regulamento Europeo e o libro á base de datos que asocia cada animal co seu propietario. Ademais, presenta a vantaxe de permitir identificar os animais a distancia. Así no caso de problemas pódese contactar co dono. Este sistema tamén é utilizado en Exmoor ou New Forest (Verderers of the New Forest 2013, D.J.T. Brewer, comunicación persoal).

Se fose aplicada a excepción contemplada no Regulamento Europeo, a Serra da Groba podería ser designada como área na que viven poboacións de équidos en estado salvaxe. O sistema tradicional podería conservarse, salvo polo feito de que se algún animal fose destinado á venda fóra desta zona si tería que levar documento de identificación e microchip, igual que en Inglaterra ou Gales. En Gales a normativa tamén contempla a identificación cando se realiza un tratamento con algún produto veterinario (Welsh Government. 2012). É previsible polo tanto que tamén nestes montes se procedese á identificación se se realizan tratamentos, pero estes animais están adaptados á vida no monte, e os coidados que se lles prodiga, como desparasitalos, quizais se expliquen parcialmente porque aínda son vistos por moitos como animais domésticos.



## O camiño para a súa conservación

Contamos co gran valor biolóxico (Bárcena 2012) e cultural desta poboación, así como co seu gran potencial turístico. Moitos *curros* convertéronse nunha importante festa, con miles de visitantes e algún deles como o de Sabucedo foi declarado Festa de Interese Turístico Internacional. Pero sen dúbida, contemplar os *garranos* no seu medio natural e poder observar o seu comportamento é en realidade o maior potencial turístico desta poboación. Os ponis son os símbolos do Parque Nacional de Exmoor, e de Dar Moor, e son considerados un motivo para visitar estes Parques, o cal é un exemplo a seguir.

Desde o punto de vista da investigación, aínda queda moito por saber dos nosos ponis. ¿Trátase verdadeiramente dunha poboación salvaxe de équidos que non pasaron por un episodio de domesticación, como indica a teoría de Bárcena (2012)? Os avances da xenética poden proporcionar resultados que axuden a desvelar esta incógnita. É por isto que estamos a colaborar con investigadores da Universidade A&M de Texas; recollemos mostras de crinas nos *curros* ao longo do verán de 2013, que serán analizadas alí. A miña tese doutoral, presentada en abril de 2013, abordou a ecoloxía dos ponis salvaxes no referente a taxas reprodutoras, supervivencia das crías, fenoloxía de reprodución, estrutura social e depredación por parte dos lobos no Centro da Dorsal Galega, pero é necesario ampliar a investigación sobre certos aspectos da súa ecoloxía que permitan orientar o manexo para facelo máis acorde coa etoloxía destes animais.

Finalmente, dar a coñecer esta poboación no estranxeiro é fundamental para que tamén sexa valorada pola comunidade científica internacionalmente. O primeiro dos pasos que demos neste senso foi acudir á Conferencia Internacional de Équidos Salvaxes celebrada en 2012 en Viena onde presentamos os nosos traballos sobre estrutura social das greas e supervivencia dos poldros en presenza de depredadores (Lagos e Bárcena 2012a, b). En segundo lugar colaboramos coa autora americana Wendy Williams que publicará un libro sobre os cabalos salvaxes, para que puidese coñecer de primeira man esta poboación, o seu hábitat e a forma na que vén sendo manexada tradicionalmente; este verán visitou o Curro de Torroña, a Serra da Groba, e os petróglifos de Baíña co arqueólogo Xose Lois Vilar como guía, así como outros territorios con ponis salvaxes de Galicia. Finalmente, colaboramos nun documental sobre os ponis salvaxes realizado por Simon Goodall, da Universidade de Sandford (Manchester). Pequenos pasos, para pór o noso pequeno gran de area na conservación dos ponis salvaxes atlánticos de Galicia.

## AGRADECEMENTOS

A Jesús Treinta y Divina, que xunto co resto da familia Treinta foron os meus anfitrións no curro daValga durante varios anos. A Modesto Domínguez, Xilberte Manso e Xosé Lois Vilar pola información facilitada sobre os curros e o sistema tradicional na Groba e Morgadáns. Así como aos investigadores e xestores que me proporcionaron información sobre o manexo dos cabalos salvaxes en diversas zonas de Europa: Mr. David J.T. Brewer, presidente de The Exmoor Pony Society (Reino Unido), Juan Calderón, da Estación Biolóxica de Doñana, e Matchel van Dierendonck, da Universidade de Ghent (Holanda).

## BIBLIOGRAFÍA

- BAKER, S. 1993. *Survival of the fittest. A natural history of the Exmoor Pony*. Exmoor Books, Exeter, UK, 249 pp.
- BÁRCENA, F. 2012. Garranos: Os póneis selvagens (*Equus ferus* sp.) do norte da Península Ibérica. Pages 75-96 en N. Vieira de Brito y G. Candeiras (coord.), *Libro de Actas del I Congreso Internacional do Garrano*. Arcos de Valdevez. Portugal.
- BÁRCENA, F. e HERMIDA, R.X. 2003. Mamíferos de Galicia. Pages 432-579 en R. Otero Pedrayo (ed.), *Enciclopedia Galega*. Editorial Novos Vieiros, A Coruña.
- Dartmoor Commoners' Council 2013 Pony drifts.  
<[http://www.dartmoorcommonerscouncil.org.uk/menu\\_page.php?id=57](http://www.dartmoorcommonerscouncil.org.uk/menu_page.php?id=57)>. Con acceso 28 agosto 2013.
- IGE 2011. Territorio. Densidade de Poboación.  
<<http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=943&paxina=001&c=0101001>>. Con acceso 2 setembro 2013
- IGLESIA, P. 1973. *Los Caballos Gallegos Explotados en Régimen de Libertad o Caballos Salvajes de Galicia*. Tesis, Facultad de Veterinaria, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1.205 pp.
- IGLESIA, P. 1974. Curro. Pp 126-141 en S. Cañada (ed.), *Gran Enciclopedia Gallega*. El Progreso-Diario de Pontevedra, Lugo.
- IVEY, J. 2009. *Report on New Forest Traditions. Our New Forest. A Living Register of Language and traditions*. <<http://www.newforestcentre.org.uk/uploads/publications/65.pdf>>. Con acceso 8 agosto 2013.
- LAGOS, L. 2013. *Ecología del lobo (Canis lupus), del poni salvaje (Equus ferus atlanticus) y del ganado vacuno semiextensivo (Bos taurus) en Galicia: interacciones depredador-presa*. Tesis, Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 458 pp.
- LAGOS, L. e BÁRCENA, F. 2012a. Foal Survival and Wolf Predation in a Population of Galician Wild Ponies (*Equus ferus* sp.). Pp 18 en *Book of Abstracts, International Wild Equid Conference*. Viena, Austria.
- LAGOS, L. e BÁRCENA, F. 2012b. Measuring the Social Structure of a Population of Galician Wild Ponies (*Equus ferus* sp.). Pp 80 en *Book of Abstracts, International Wild Equid Conference*. Viena, Austria.
- MAGDALENA, R. e VIDAL, T. 1984. Los garranos galaicos. *Quercus* 15:35-38.
- MURPHY, M.D. e GONZÁLEZ FARACO, J. C. 2002. Las yeguas marismeñas de Doñana: naturaleza, tradición e identidades sociales en un espacio protegido. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*: 5-40.
- PÉREZ, D. 2010. *Os Foxos do Lobo. A Caza do Lobo na Cultura Popular*. Editorial Canela, Betanzos, 491 pp.
- PORTAS, M.C.P., VIEIRA LEITE, J.M. e OLIVEIRA E SOUSA, J.J.D. 1998. A Raça Garrana. Um Contributo Para o Seu Estudo. *Veterinaria Técnica* Dezembro 98:18-26.
- ROELLE, J.E., SINGER, F.J., ZEIGENFUSS, L.C., RANSOM, J.I., COATES-MARKLE, L. e SCHOENECKER, K.A. 2010. *Demography of the Pryor Mountain wild horses, 1993-2007*: U.S. Geological Survey Scientific Investigations Report 2010-5125, 31 pp.
- SCOROLLI, A. L. e LÓPEZ CAZORLA, A. C. 2010. Demography of feral horses

(*Equus caballus*): a long-term study in Tornquist Park, Argentina. *Wildlife Research* 37: 207-214.

STANLEY, C. R. e SHULTZ, S. 2012. Mummy's boys: sex differential maternal-offspring bonds in semi-feral horses. *Behaviour* 149:251-274.

TYLER, S.J. 1972. The behaviour and social organization of the New Forest Ponies. *Animal Behaviour Monographs* 5:87-196.

Verderers of the New Forest. 2013. *Verderers of the New Forest Homepage*. <<http://www.verderers.org.uk/>>. Con acceso 21 agosto 2013.

Welsh Government. 2012. *Equine Identification & the semi-feral ponies of Wales*. <<http://wales.gov.uk/topics/environmentcountryside/ahw/horses/equineidsemiferalp onies/?lang=en>>. Con acceso 15 xullo 2013.

WINTON, C.L., HEGARTY, M.J., MCMAHON, R., SLAVOV, G.T., MCEWAN, N.R.M., DAVIES-MOREL, C.G., MORGAN, C.M., POWELL, W. e NASH D.M. 2013. Genetic diversity and phylogenetic analysis of native mountain ponies of Britain and Ireland reveals a novel rare population. *Ecology and Evolution* 3(4):934-947.